



INTERNATIONAL CONGRESS ON ENVIRONMENTAL HEALTH

L Curso de Saúde Ambiental

PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2012

Santiago de Compostela (A Coruña), 8-11 maio 2012



Organizan



Patrocinadores oficiais



Presidente do congreso e director do curso

Prof. Dr. Francisco Peña





CASA DE S. M. EL REY

CREDENCIAL

Nº 092/2012



S.A.R. el Príncipe de Asturias, accediendo a la petición que tan amablemente Le ha sido formulada, ha tenido a bien aceptar la

PRESIDENCIA DEL COMITÉ DE HONOR

del **"INTERNATIONAL CONGRESS ON ENVIRONMENTAL HEALTH – L CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL"**, que se celebrará en Santiago de Compostela (A Coruña) del 7 al 11 de mayo próximo.

Lo que me complace participarle para su conocimiento y efectos.

PALACIO DE LA ZARZUELA, 30 de marzo de 2012

EL JEFE DE LA CASA DE S.M. EL REY,

SEÑOR PRESIDENTE DEL "INTERNATIONAL CONGRESS ON ENVIRONMENTAL HEALTH – L CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL".

SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

Comité de honra

PRESIDENTE:

S.A.R. El Príncipe de Asturias
D. Felipe de Borbón y Grecia

MEMBROS:

D. Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia.

D. Miguel Arias Cañete
Ministro de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

D.ª Ana Mato Adrover
Ministra de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

D.ª Assunção Cristas
Ministra de Agricultura, do Mar e do Ambiente e Ordenamento do Território de Portugal.

D. Paulo José de Ribeiro Moita de Macedo
Ministro de Saúde de Portugal.

D. Samuel Jesús Juárez Casado
Delegado del Gobierno de España en Galicia.

D. Ángel Currás Fernández
Alcalde de Santiago de Compostela.

Monseñor D. Julián Barrio Barrio
Arcebispo de Santiago de Compostela.

D. Federico Ramos de Armas
Secretario de Estado de Medio Ambiente do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

D. Alfonso Rueda de Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

D. Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D. Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

D.ª Rocío Mosquera Álvarez
Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia.

D.ª Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.

D.ª Pilar Farjas Abadía
Secretaria General de Sanidad y Consumo del Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

D. Diego Calvo Pouso
Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José Ramón Gómez Besteiro
Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

D. José Manuel Baltar Blanco
Presidente da Deputación Provincial de Ourense.

D. Rafael Louzán Abal

Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra. Presidente da Comisión de Medio Ambiente da FEMP-Federación Española de Municipios y Provincias.

D. Juan José Casares Long

Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.

D. Salustiano Mato de la Iglesia

Reitor Magnífico da Universidade de Vigo.

D. Xosé Luis Armesto Barbeito

Reitor Magnífico da Universidade da Coruña.

D. Justo de Benito Basanta

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D. Tomás Fernández-Couto Juanas

Secretario xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.

D. José Norberto Uzal Tresandí

Director xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

D. Jesús Gamallo Aller

Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

D. Ricardo García-Borregón Millán

Director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D.ª María Nava Castro Domínguez

Directora xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

D. Manuel Antonio Varela Rey

Director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

D. Pablo Figueroa Dorrego

Director da Escola Galega de Administración Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

D. Francisco Menéndez Iglesias

Director de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D. Luis Lamas Novo

Presidente de Sogama da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D. Francisco Marín Muñoz

Presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

D. Antonio Fontenla Ramil

Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia.

D. José María Ordóñez Iriarte

Presidente da SESA-Sociedad Española de Sanidad Ambiental.

D. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz

Presidente da Asociación Española de Ciencias Administrativas – Instituto Internacional de Ciencias Administrativas-Sección Española.

Comité organizador

Rogério Paulo da Silva Nunes

Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental. Mestre en Enxeñaría de Seguridade e Hixiene Ocupacionais. Profesor adxunto de Saúde Ambiental na Escola Superior de Saúde do Instituto Politécnico de Beja (Portugal).

José Antonio Fernández Bouzas

Director-conservador do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

Ángel Gómez Amorín

Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Vicepresidente da SESA.

Ricardo Iglesias García

Médico Especialista en Medicina de Familia e Comunitaria, e en Hidroloxía e Hidroterapia. Funcionario de Carreira do Ayuntamiento de Madrid desde 1982. Xefe de Servicio de Estructura y Organización Internacional do Ayuntamiento de Madrid. Exsecretario da Xunta Directiva da SESA.

Juan José Lirón Lago

Director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT).

José Vicente Martí Bosca

Expresidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental. Xefe da Unidad de Sanidad Ambiental da Dirección General de Investigación y Salud Pública da Generalitat Valenciana. Profesor asociado de Salud Pública da Universitat de València.

María Julia Melgar Riol

Doutora en Farmacia. Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Académica correspondente da Academia de Farmacia de Galicia.

Carlos Rodríguez Dacal

Doutor en Bioloxía, catedrático de Ciencias Naturais e botánico especialista en xardinería e flora ornamental.

Francisco Javier Sanz Larruga

Catedrático de Dereito Administrativo e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Experto en Dereito Ambiental e autor de 6 libros.

Comité científico

Covadonga Caballo Diéguez

Xefa da Área de Biocidas y Productos Químicos da Subdirección General de Sanidad Ambiental y Salud Laboral do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Vocal da Xunta Directiva da SESA.

José Ignacio Elorrieta Pérez de Diego

Doutor en Ciencias Biolóxicas. Exprofesor da Universidad Complutense de Madrid. Exdirector do Instituto de Salud Pública de Navarra. Exdirector xeral de Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra. Exdirector executivo de Sostibilidade da Fundación ISR. Exasesor da OMS. Director xeral de Medio Ambiente e Sostibilidade de Cementos Portland Valderrivas. Está en posesión da Orde Civil de Sanidade.

Rosalía Fernández Patier

Xefa da Área de Contaminación Atmosférica do Centro Nacional de Sanidad Ambiental do Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Economía y Competitividad.

Ana Fresno Ruiz

Coordinadora de Área da Subdirección General de Calidad del Aire y Medio Ambiente Industrial da Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Vocal da Xunta Directiva da SESA.

Domingo Gómez Orea

Catedrático de Medio Ambiente, Ordenación Territorial e Planificación do Desenvolvemento Sostible da Universidad Politécnica de Madrid. Ten 35 anos de experiencia profesional repartidos entre a empresa privada, a Administración Pública, o exercicio libre da profesión e a Universidade, e practicada en Europa, África e América. É autor de 25 libros. Deseñou os modelos informatizados MAUSAR, para ordenación territorial; e IMPRO, para avaliación de impacto ambiental. Premio Augusto González Linares a unha traxectoria en medio ambiente e territorio, promovido polo Goberno de Cantabria e a Universidad de Cantabria.

Aurelio Hernández Muñoz

Catedrático emérito de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental da UPM. Catro sexenios de investigación acreditados e máis de 40 teses doutorais dirixidas. Tras 46 anos de experiencia profesional no sector das augas, ten un recoñecido prestixio a nivel internacional, con 25 estancias no estranxeiro. É autor de 9 libros e de 7 patentes e 3 modelos de utilidade. Elaborou diversos Plans de Abastecemento e Saneamento ademais de intervir en máis de 200 proxectos de depuradoras. Ten no seu haber a Medalla da UPM e diversos premios recibidos.

María Neira González

Directora Department of Public Health and Environment-World Health Organization (WHO).

José Manuel P. Vieira

Catedrático de Enxeñaría Civil do Departamento de Enxeñaría Civil da Universidade do Minho (Braga/Guimarães). Vicepresidente nacional da Orde de Enxeñeiros de Portugal.

Presentación

“O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación”.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde das persoas e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceu expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992) e a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2012**, que auspiciado pola SESA, contou cos parabéns do coordinador do proxecto “Healthy Cities” da Oficina Rexional para Europa da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira en España, leva consigo:

- Un primeiro nivel de actuación: de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.
- Un segundo nivel de actuación: de participación cidadá, peza clave na posta en marcha de calquera programa de actuación.
- Unha recomendación: que os concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia, coa axuda e o apoio da Administración, adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien e impulsen a posta en marcha e o desenvolvemento da Axenda 21 Local.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega ao longo de 12 anos, contou coa participación de 253 concellos (248 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano y 2 portugueses) e 5 entidades locais e rexionais portuguesas, e 4.701 asistentes nas 49 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios que ten a civilización actual, organízase o **“International Congress on Environmental Health – L Curso de Saúde Ambiental”**, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental do planeta, ademais de punto de encontro de sanitarios e ambientalistas, e referencia ambiental a nivel internacional durante esa semana, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro do planeta Terra.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para tod@s @s habitantes do planeta, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira
Fundador *Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2012*
Presidente *International Congress on Environmental Health*
Director *L Curso de Saúde Ambiental*

PROGRAMA

MARTES, 8 DE MAIO

08:30 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN.

10:00 h.: ACTO INAUGURAL DO CONGRESO.

10:30 h.: CONFERENCIA INAUGURAL: **“A nova estratexia global en medio ambiente & saúde”**

DRA. D.^a MARÍA NEIRA GONZÁLEZ

Directora Department of Public Health and Environment-World Health Organization (WHO).

11:30 h.: I SESIÓN PLENARIA: **“Saúde ambiental para todos: unha esperanza alcanzable para a Humanidade no terceiro milenio”**

PRESIDENTE: D. ÁNGEL GÓMEZ AMORÍN

Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Vicepresidente da SESA.

RELATORES:

- **“Saúde, ambiente e territorio: unha visión integrada nun mundo globalizado”**

PROF. DR. D. DOMINGO GÓMEZ OREA

Catedrático de Medio Ambiente, Ordenación Territorial e Planificación do Desenvolvemento Sostible da Universidad Politécnica de Madrid. Ten 35 anos de experiencia profesional repartidos entre a empresa privada, a Administración pública, o exercicio libre da profesión e a Universidade, e practicada en Europa, África e América. É autor de 25 libros. Deseñou os modelos informatizados MAUSAR, para ordenación territorial; e IMPRO, para avaliación de impacto ambiental. Premio “Augusto González Linares” a unha traxectoria en medio ambiente e territorio, promovido polo Goberno de Cantabria e a Universidad de Cantabria.

- **“Accións en materia de medio ambiente e saúde”**

DRA. D.^a ANA FRESNO RUIZ

Coordinadora de Área da Subdirección General de Calidad del Aire y Medio Ambiente Industrial da Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Vocal da Xunta Directiva da SESA.

- **“Accións en materia de saúde e medio ambiente”**

D. FERNANDO CARRERAS VAQUER

Subdirector general de Sanidad Ambiental y Salud Laboral da Dirección General de Salud Pública, Calidad e Innovación do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

- **“Novos retos da saúde ambiental en España”**

DR. D. JOSÉ MARÍA ORDÓÑEZ IRIARTE

Presidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental. Técnico de apoio da Subdirección General de Sanidad Ambiental da Consejería de Sanidad da Comunidad de Madrid.

- **“A saúde ambiental en Portugal: situación actual e perspectivas de futuro”**

PROF. DR. D. ROGÉRIO PAULO DA SILVA NUNES

Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental. Mestre en Enxeñaría de Seguridade e Hixiene Ocupacionais. Profesor adxunto de Saúde Ambiental na Escola Superior de Saúde do Instituto Politécnico de Beja (Portugal).

16:00 h.: Presentación do libro: **“Cambio Global España 2020/50. Cambio Climático y Salud”**

PROF. DR. D. JOSÉ VICENTE MARTÍ BOSCA

Director do libro: “Cambio Global España 2020/50. Cambio Climático y Salud”. Expresidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental. Xefe da Unidad de Sanidad Ambiental da Dirección General de Investigación y Salud Pública da Generalitat Valenciana. Profesor asociado de Salud Pública da Universitat de València.

17:00 h.: II SESIÓN PLENARIA: **“Loita contra o cambio climático: novos retos de futuro”**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. JOSÉ VICENTE MARTÍ BOSCA

RELATORES:

- **“Novos retos na loita contra o cambio climático: a perspectiva empresarial”**
PROF. DR. D. JOSÉ IGNACIO ELORRIETA PÉREZ DE DIEGO
Doutor en Ciencias Biolóxicas. Exprofesor da Universidad Complutense de Madrid. Exdirector do Instituto de Salud Pública de Navarra. Exdirector xeral de Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra. Exdirector executivo de Sostibilidade da Fundación ISR. Exasesor da OMS. Director xeral de Medio Ambiente e Sostibilidade de Cementos Portland Valderrivas. Está en posesión da Orde Civil de Sanidade.
- **“Evidencias, impactos e adaptación ao cambio climático: dunha visión global á situación de Galicia”**
PROF. DR. D. VICENTE PÉREZ MUÑUZURI
Subdirector xeral de Meteoroloxía e Investigación e director de MeteoGalicia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Profesor da Facultade de Físicas da Universidade de Santiago de Compostela.
- **“O cambio climático en Galicia e as súas repercusións sobre o medio físico”**
PROF. DR. D. FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA
Profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela. Membro Correspondente da Real Academia Nacional de Farmacia. Numerario da Academia de Farmacia de Galicia. Numerario da Real Academia Galega. Vicepresidente do Consello da Cultura Galega. Premio Nacional da Cultura Galega 2008 na modalidade “Pensamento e Cultura Científica”.

20:15 h.: Recepción oficial no Excmo. Concello de Santiago, a cargo de D. Ángel Currás Fernández, alcalde de Santiago de Compostela.

MÉRCORES, 9 DE MAIO

10:00 h.: I RELATORIO MARCO: “A calidade do aire nas cidades: requisitos das medicións e da calidade dos datos”

DRA. D.^a ROSALÍA FERNÁNDEZ PATIER

Xefa da Área de Contaminación Atmosférica do Centro Nacional de Sanidad Ambiental do Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Economía y Competitividad.

11:30 h.: III SESIÓN PLENARIA: “Modelo enerxético sostible: a súa contribución á mellora da calidade do aire”

PRESIDENTE: PROF. DR. LUIS ESPADA RE CAREY

Doutor en Ciencias Químicas pola USC e en Química Aplicada pola Universidade de Manchester. Profesor emérito e exreitor da Universidade de Vigo. Valedor do cidadán de Vigo. Ten no seu haber 35 libros e monografías publicadas sobre temáticas relacionadas coa universidade e o desenvolvemento sostible. Medalla Castelao 2011, concedida pola Xunta de Galicia.

RELATORES:

- **“O camiño cara a un novo modelo enerxético sostible”**
D. MIGUEL F. CALLEJA MEDIANO
Responsable de Regulación de Iberdrola nas Comunidades Autónomas.
- **“Unha aproximación ambiental do futuro modelo enerxético europeo”**
D. IBÁN CHICO DE LA FELICIDAD
Subdirector de Medio Ambiente de Gas Natural Fenosa.
- **“A biomasa como paradigma de modelo enerxético sostible”**
D. JOSÉ LUIS ROMERO LAMPÓN
Conselleiro delegado do Grupo Saraita.
- **“Plan Nacional da Calidade do Aire”**
D. ALBERTO MORAL GONZÁLEZ
Xefe de Área de Calidade del Aire da Subdirección General de Calidade del Aire y Medio Ambiente Industrial da Dirección General de Calidade y Evaluación Ambiental y Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

- **“A modelización: un instrumento para avaliar a calidade do aire”**

D.^a M^a LUZ MACHO EIRAS

Directora do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

16:00-20:00 h.: “Compostela verde: xardíns e árbores memorables”. Ruta turística polo Convento-Pazo de San Lourenzo de Trasouto, Carballeira de San Lourenzo de Trasouto, Campus Universitario Sur, Alameda do Campo da Estrela, Paseo da Ferradura, Carballeira de Santa Susana, Pazo de Fonseca, Xardín Botánico de Fonseca, Parador Hostal dos Reis Católicos e Labirintos de Camelias do Parque de Belvís, coordinada e guiada polo PROF. DR. D. CARLOS RODRÍGUEZ DACAL, doutor en Bioloxía, catedrático de Ciencias Naturais e botánico especialista en xardinería e flora ornamental.

16:00 h.: II RELATORIO MARCO: “A sostibilidade dos recursos hídricos do planeta: novos retos de futuro”

PROF. DR. D. AURELIO HERNÁNDEZ MUÑOZ

Catedrático emérito de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental da Universidad Politécnica de Madrid. Catro sexenios de investigación acreditados e máis de 40 teses doutorais dirixidas. Tras 46 anos de experiencia profesional no sector das augas, ten un recoñecido prestixio a nivel internacional, con 25 estancias no estranxeiro. É autor de 9 libros e de 7 patentes e 3 modelos de utilidade. Elaborou diversos Plans de Abastecemento e Saneamento ademais de intervir en máis de 200 proxectos de depuradoras. Ten no seu haber a Medalla da UPM e diversos premios recibidos.

17:30 h.: IV SESIÓN PLENARIA: “A protección e a mellora da calidade das augas ante o reto da DMA como elemento crítico para a saúde e o desenvolvemento sostible”

PRESIDENTA: PROF.^a DRA. D.^a MARÍA JULIA MELGAR RIOL

Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Académica correspondente da Academia de Farmacia de Galicia.

RELATORES:

- **“Plan Hidrolóxico do Miño-Sil: Directiva Marco da Auga”**

D. JOSÉ ÁLVAREZ DÍAZ

Xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

- **“Plan hidrolóxico de Galicia-Costa: Directiva Marco da Auga”**

D. FRANCISCO MENÉNDEZ IGLESIAS

Director de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

- **“Posta en valor dos recursos humanos e novas tecnoloxías na xestión da auga”**

D. HENRY LAIÑO LÓPEZ

Director de Aqualog Galicia e director de Aqualogy Norte-Baleares.

- **“Plano de seguranza da água. Novo proceso de controlo da calidade da água para consumo humano”**

PROF. DR. D. JOSÉ MANUEL P. VIEIRA

Catedrático de Enxeñaría Civil do Departamento de Enxeñaría Civil da Universidade do Minho (Braga/Guimarães). Vicepresidente nacional da Orde de Enxeñeiros de Portugal.

22:00 h.: Cena de Gala no Salón Real do Parador “Hostal dos Reis Católicos”.

* NOTA IMPORTANTE: os congresistas interesados en asistir deberán retirar a invitación (previo pago de 40,00 euros) na Secretaría Técnica do Congreso o martes día 8 de maio, de 8:30 a 20:00 horas.

XOVES, 10 DE MAIO

09:00-17:30 h.: Visita guiada ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, organizada pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, coordinada por D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ BOUZAS, director-conservador do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

10:00 h.: SESIÓN DE COMUNICACIONES TÉCNICAS: “Experiencias empresariales: a súa contribución ao desenvolvemento sostible”

PRESIDENTE: PROF. DR. D. FRANCISCO JAVIER SANZ LARRUGA

Catedrático de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Experto en Dereito Ambiental.

RELADORES:

- **“A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial”**
D. MARTÍN PITA LÓPEZ
Director de AENOR-Brasil e director de AENOR-Galicia.
- **“A pegada ambiental: factor clave nas estratexias de sostibilidade das empresas”**
D. FERNANDO ARTECHE RODRÍGUEZ
Director de Línea de Negocio de Medio Ambiente – Novotec Consultores (Grupo Applus).
- **“A sostibilidade como parte da estratexia empresarial: o caso de BEGANO”**
D. JUAN JOSÉ LITRÁN
Director de Relaciones Corporativas da División Ibérica de Coca-Cola.
- **“Procesos de recuperación ambiental na mina de cobre de Touro: tecnosoles á carta e a imaxe de solos naturais”**
PROF. DR. D. FELIPE MACÍAS VÁZQUEZ
Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola e coordinador do Laboratorio de Tecnoloxía Ambiental do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela.
- **“A solución ambiental aos residuos de alta actividade: o Almacén Temporal Centralizado”**
D.ª SILVIA RUEDA SÁNCHEZ
Departamento de Ingeniería de Suelos de ENRESA.

16:00 h.: III RELATORIO MARCO: “Tecnoloxías de tratamento de residuos urbanos e análise do ciclo de vida: avaliación da exposición aos riscos ambientais”

D. ÁNGEL FERNÁNDEZ HOMAR

Presidente de AEVERSU-Asociación de las Empresas de Valorización Energética de Residuos Urbanos.

PROF. DR. D. JUAN JOSÉ AURREKOETXEA AGIRRE

Especialista en Medicina do Traballo e en Medicina Preventiva e Saúde Pública. Médico inspector do Departamento de Sanidad do Goberno Vasco Donostia-San Sebastián. Profesor de Medicina Preventiva y Salud Pública da Universidad do País Vasco. Experto en Epidemioloxía Ambiental.

17:30 h.: V SESIÓN PLENARIA: “Xestión integral de residuos e saúde pública. O modelo de Galicia: novos retos de futuro”

PRESIDENTE: PROF. DR. D. JUAN JESÚS GESTAL OTERO

Catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública e decano da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela. Xefe do Servizo de Medicina Preventiva do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Académico numerario da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

RELADORES:

- **“A política de residuos na Unión Europea”**
D.ª ANA RODRÍGUEZ CRUZ
Conselleira técnica da Subdirección General de Residuos da Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
- **“Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020”**
D.ª MARÍA JOSÉ ECHEVARRÍA MORENO
Subdirectora xeral de Coordinación Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **“A recuperación e a sostibilidade, eixes do modelo Sogama”**
D. LUIS LAMAS NOVO
Presidente de Sogama.

- **“Retos na valorización de residuos. Integración dos obxectivos das directivas europeas”**
D.^a ELENA JIMÉNEZ COLOMA
Responsable Proyecto Energy from waste do Grupo Cespa.
- **“A necesidade de complementar procedementos na xestión integral de residuos: a planta de reciclaxe e compostaxe do Barbanza”**
D. JACOBO PATIÑO LÓPEZ
Director de Explotación de FCC-Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.

VENRES, 11 DE MAIO

10:00 h.: ACTO INAUGURAL DO II CUMIO AMBIENTAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL*.

10:30 h.: VI SESIÓN PLENARIA: “II Cumio Ambiental Galicia-Norte de Portugal”

PRESIDENTE: D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO

Director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT).

RELATORES:

- **“Patrimonio natural de Galicia”**
D. ROGELIO FERNÁNDEZ DÍAZ
Subdirector xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **“A valorización ambiental no Alto Minho”**
D. JULIO PEREIRA
Secretario executivo da Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (Portugal).
- **“Lei de Montes de Galicia”**
D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS
Secretario xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.
- MINISTÉRIO DE AGRICULTURA, DO MAR E DO AMBIENTE E ORDENAMENTO DO TERRITORIO DE PORTUGAL.
- MINISTÉRIO DE SAÚDE DE PORTUGAL.

* *Asistencia gratuita.*

13:00 h.: ENCONTRO COS ALCALDES DAS 50 VILAS E CIDADES DE GALICIA QUE FORON SEDE DO PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2012, coa entrega do “*Medallón de prata*” a cargo de D. ALFONSO RUEDA DE VALENZUELA, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; D. JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDÍ, director xeral de Administración Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; e D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA, presidente do International Congress on Environmental Health.

14:00 h.: ACTO DE CLAUSURA DO CONGRESO.

Información xeral

OBXECTIVOS

- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental actual do planeta Terra, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema.
- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.

DESTINATARI@S

- Técnic@s, funcionari@s e responsables políticos da Administración local, provincial, autonómica, estatal, comunitaria e internacional que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da Universidade, de Ensino Secundario e Formación Profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnic@s e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, explotacións agrarias extensivas, etc.).

METODOLOXÍA

- Conferencia inaugural, 3 relatorios marco, 6 sesións plenarias, sesión de comunicacións técnicas e visitas prácticas configuran a estrutura do congreso/curso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** limitado á capacidade do local.
- **Cota de inscrición xeral:** 100,00 euros (os antigos alumnos dos 49 Cursos de Saúde Ambiental realizados, os empregados das administracións públicas, os membros de sociedades científicas e asociacións sen ánimo lucro e os técnicos e xestores de entidades e empresas, colaboradores desta iniciativa, terán unha redución dun 50%).
- **Cota especial:** 30,00 euros (100 bolsas para estudantes e parados que acrediten documentalmente a súa condición, que se cubrirán por rigurosa orde de inscrición, terán unha redución dun 70%).
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria a **Novagalicia Banco**, a favor do “**L CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL**”, nº de conta: **2080 – 0372 – 88 – 3040011862**, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento, e presentarse/ enviarase por correo electrónico á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición comeza o luns día 16 de abril e finaliza o venres día 4 de maio ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase un maletín coa publicación do **Libro de Relatorios** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

- A EGAP-Escola Galega de Administración Pública, outorgará un diploma acreditativo de asistencia aos congresistas que participen con regularidade nas sesións programadas do congreso, que consta de **30 horas lectivas**.
- A USC-Universidade de Santiago de Compostela concederá **1 crédito de libre elección** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao congreso.
- A UV-Universidade de Vigo concederá **2 créditos de libre elección** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao congreso.
- A UDC-Universidade da Coruña concederá **2 créditos de libre elección** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao congreso, en proceso de tramitación (*).

SEDE, DATAS E HORARIO



- **Sede:** salón de actos da EGAP-Escola Galega de Administración Pública (Rúa Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela).
- **Datas:** do 8 ao 11 de maio de 2012.
- **Horario:** de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

IDIOMAS

- Castelán, galego, portugués e inglés.

SECRETARÍA TÉCNICA

COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Secretaria: D.^a Fátima Jardón Magdalena

SERVIZO DE ESTUDOS E PUBLICACIÓNS



Rúa Madrid, 2-4

15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Tel.: 981 546 341 / 881 997 251

E-mail: congresosaludambiental@gmail.com

<http://egap.xunta.es/xornada>

AXENCIA DE VIAXES



R/ General Pardiñas, 10-16 (Local 15)

15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Tel.: 981 577 577 (Emma)

E-mail: emma@viajestrotta.com

Organismos colaboradores



Entidades e empresas colaboradoras e participantes

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación



Recoñecementos e acreditacións

Declarado de interese sanitario pola



Recoñecido con créditos de libre elección polas USC (1) - UV (2) - UDC (2^a)



Universidade de Vigo

Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa pola



*Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española*

